

As TIC plantan cara ao coronavirus



Manuel F. González Penedo, director do CITIC, lembra a importancia da ciencia e a tecnoloxía para evitar que a crise sanitaria se repita



Vivimos na era do *Big Data*, na que toda a poboación mundial xera milleiros de datos a través do uso dos teléfonos móbiles, buscas por Internet, participación en redes sociais, así como a través de cámaras para o control do tráfico, sistemas de control da polución do aire, estacións meteorolóxicas, etc. Estes millóns de datos son xerados principalmente para fins específicos, como a adaptación da publicidade *online* ou en sistemas de regulación do tráfico nas cidades, pero non existe unha visión global da cantidade e calidade dos datos existentes e de como a integración de todos eles pode ofrecer novos servizos que axuden a conseguir unha sociedade máis sostible e eficiente.

No momento actual, onde a crise sanitaria producida polo COVID-19 provocou que

As catro áreas estratéxicas do CITIC (Intelixencia Artificial; Ciencia e Enxeñaría de Datos; Computación de Altas Prestacións; e Redes e Servizos Intelixentes) xa están traballando en diversas solucións para facilitar a loita contra a propagación da pandemia.

o noso estilo de vida se vise profundamente afectado, é preciso recorrer á ciencia e á tecnoloxía para conseguir recuperar a situación previa, na medida do posible, ademais de adquirir experiencia e coñecementos que permitan que unha crise destas características non se repita.

Os avances no ámbito das Tecnoloxías da Información e as Comunicaci3ns, dende a interconexi3n masiva de ordenadores de todo o mundo a través das infraestruturas de Internet nos anos 90, ata os últimos avances no ámbito da Intelixencia Artificial e a capacidade de c3mputo e almacenamento desta gran cantidade de datos, posibilitan abordar a situaci3n actual de forma que aos avances puramente biol3xicos (que son os que realmente lograrán acabar con esta pandemia) se unan todas as ferramentas que se poden desenvolver dende o campo das TIC.

O CITIC da UDC, como Centro de Investigaci3n de Galicia no ámbito das Tecnoloxías da Informaci3n e as Comunicaci3ns, pon á disposici3n da sociedade todo o seu potencial tecnol3xico e intelectual para intentar avanzar en solucións para atallar a crise producida polo COVID-19.

Nunha colaboraci3n sen precedentes, todos os equipos de traballo do CITIC uníronse para ofrecer a súa experiencia ás autoridades e instituci3ns, a través das chamadas públicas de propostas do Instituto de Saúde Carlos III e a Axencia Galega de Innovaci3n (GAIN), para desenvolver ferramentas que permitan coñecer mellor tanto o virus como a enfermidade, o seu desenvolvemento, e poder predicir a súa evoluci3n.

Así, as catro áreas estratéxicas do CITIC (Intelixencia Artificial; Ciencia e Enxeñaría de Datos; Computaci3n de Altas Prestaci3ns; e Redes e Servizos Intelixentes) xa están traballando en diversas solucións para facilitar a loita contra a propagaci3n da pandemia. Ademais, tamén se está colaborando con grupos de investigaci3n en farmacoloxía, biomedicina e psicoloxía para aportar solucións conxuntas dende varias perspectivas de coñecemento. ■